



Entidade de contratación:	Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Costa da Morte NIF: G70181797 Domicilio: Lugar A Camposa s/n – Buño. 15.111 Malpica de Bergantiños. A Coruña. Correo Electrónico: galp.mar.costadamorte@xunta.gal				
Denominación do expediente:	Servizo de Limpeza				
Ref. Expediente:	GALP3-007-2026	Harmonizado:	Non	Admite Variantes:	Non
				Lotes:	Non
Procedemento S/ Instrucción OIX:	II Necesidades Continuas ou Esporádicas con Determinados Valores.	Tipo contrato:	Servizos	Prórroga:	Si
Tipo tramitación:	Necesidade Continua	Criterios:	Prezo	Plurianual:	Si
Orzamento base de licitación (ive incluído):	9.066,32 €	Valor estimado (ive excluído):	10.155,23 €	Prazo:	45 meses. Duración máxima, incluído posibles prórrogas 60 meses.

A) PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

1. OBXECTO DO CONTRATO

1.1. OBXECTO

Servizo de Limpeza.

1.2. TIPO DE CONTRATO

Contrato de Servizos

1.3. NECESIDADE A SATISFACER

Garantir as condicións de óptimo estado de hixiene e limpeza das oficinas do Galp Costa da Morte

Esta labor precisa tanto de persoal especializado, recursos e medios dos que o Galp Costa da Morte non dispón e por razóns de eficiencia e eficacia administrativa é necesario contratar externamente.

O presente contrato non é obxecto de fraccionamento posto que abarca o servizo para todo o período de marzo de 2026 a decembro de 2029.

LOTES

Esta contratación non está dividida en lotes. Pola natureza continua dos traballos a realizar, a súa división e posible contratación con distintas empresas podería ocasionar dilacións, dificultaría o normal funcionamento do servizo e o importe de contratación, de contía non elevada, non restrinxo o acceso a pequenas e medianas empresas.

2. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

2.1. A Orzamento base de licitación Máximo Período (Ive Excluído)

7.492,83 €

2.1 B A Orzamento base de licitación Prezo Máximo Unitario (Ive Excluído)

160,00 € por mes de prestación do servizo para o primeiro ano natural, ata o 31 de decembro de 2026, con incremento do 2,5% anual a partir do 1 de xaneiro de 2027.

2.2. A Ive Máximo para o período

1.573,49 €

2.2 B Ive Prezo Máximo Unitario

33,60 € por mes de prestación do servizo para o primeiro ano natural, ata o 31 de decembro de 2026, con incremento do 2,5% anual a partir do 1 de xaneiro de 2027.

2.3.A Orzamento Base de licitación Máximo Período (Ive Incluído)

9.066,32 €

2.3 B Orzamento Base de licitación Prezo Máximo Unitario (Ive Incluído)

193,60 € por mes de prestación do servizo para o primeiro ano natural, ata o 31 de decembro de 2026, con incremento do 2,5% anual a partir do 1 de xaneiro de 2027.

2.4. Valor Estimado (Ive Excluído)

Orzamento base de licitación	7.492,83 €
Posibilidade de Prórroga 2030-2031	2.662,40 €
Total	10.155,23 €

2.5. Valor Estimado (Ive incluído)

Orzamento base de licitación	9.066,32 €
Posibilidade de Prórroga 2030-2031	3.221,51 €
Total	12.287,83 €

2.6. Xustificación da determinación do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato.

O cálculo do orzamento base de licitación desta contratación realizouse tendo en conta os prezos habituais no mercado deste tipo de contratos e os contratos anteriores realizados pola entidade de contratación para o mesmo obxecto.

2.7. Revisión de Prezos.

Non procede.

2.8. Financiamento

Esta contratación está financiada polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura e Xunta de Galicia segundo convenio de colaboración asinado coa Consellería do Mar o 9 de xaneiro de 2023 e a súa addenda de data 26 de decembro de 2025 para o período 2023-2029. No caso de prórroga, poderán recibir financiación do Fondo Europeo que

corresponda e da Xunta de Galicia para o novo período de programación, nas anualidades 2030 e 2031.

3. REPARTO POR ANUALIDADES DO ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN					
ANUALIDADES	2026	2027	2028	2029	Total BASE DE LICITACIÓN
Orzamento (Ive Excluído)	1.440,00 €	1.968,00 €	2.017,20 €	2.067,63 €	7.492,83 €
Ive	302,40 €	413,28 €	423,61 €	434,20 €	1.573,49 €
Orzamento (Ive Incluído)	1.742,40 €	2.381,28 €	2.440,81 €	2.501,83 €	9.066,32 €

4. REPARTO POR ANUALIDADES E VALOR ESTIMADO

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN						PRÓRROGAS			VALOR ESTIMADO
ANUALIDADES	2026	2027	2028	2029	Total BASE DE LICITACIÓN	2030	2031	Total Prórrogas	TOTAL VALOR ESTIMADO
Orzamento (Ive Excluído)	1.440,00 €	1.968,00 €	2.017,20 €	2.067,63 €	7.492,83 €	2.119,32 €	543,08 €	2.662,40 €	10.155,23 €
Ive	302,40 €	413,28 €	423,61 €	434,20 €	1.573,49 €	445,06 €	114,05 €	559,11 €	2.132,60 €
Orzamento (Ive Incluído)	1.742,40 €	2.381,28 €	2.440,81 €	2.501,83 €	9.066,32 €	2.564,38 €	657,13 €	3.221,51 €	12.287,83 €

5. SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO

A formulación da proposta económica ten carácter global, polo que inclúe todos os factores de valoración, inclúe un incremento anual do 2,5% e impostos que se indiquen por razón do contrato.

En relación co imposto sobre o valor engadido, terase en conta que na oferta do licitador deberá indicarse como partida independente

6. SOLVENCIA DO CONTRATISTA

6.1. Medios de acreditación da solvencia económica e financeira.

Deben acreditarse os dous seguintes medios:

Medio 1: Volume anual de negocios do licitador ou candidato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos.

Criterios de selección e requisitos mínimos: o volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Subsidiariamente, a través dos libros esixidos pola normativa fiscal de aplicación ou modelo 390 de resumo anual de ive, que acrediten a facturación ou volume anual de negocios.

O volume anual de negocios deberá ser polo menos unha vez e media o valor medio anual do contrato: **2.997,13 €**

No caso de empresas cuxo período de actividades non abrangue os tres últimos exercicios é necesario presentar a cifra de negocios de aquel de maior volume, no caso, cuxo período de actividade non abrangue un ano, presentarase do período de actividades da empresa, que deberá ser superior en todo caso, á contía referida anteriormente, por fracción de ano acreditado.

Medio 2: Xustificante de seguro de responsabilidade civil en vigor.

Criterios de selección e requisitos mínimos: O importe da garantía do seguro por responsabilidade civil, deberá ser superior a 1/10 do orzamento de custes de xestión do Galp Costa da Morte, segundo o cadro de datos económicos, que figura no apartado 1 do prego de condicións técnicas: **139.915,63 €.**

6.2. Medios de acreditación da solvencia técnica ou profesional.

Medio 1 : Acreditación de situación censual de alta na actividade económica correspondente ao servizo de limpeza obxecto da contratación ou equivalente.

Criterios de selección e requisitos mínimos: Certificado de situación censual emitido pola Axencia Tributaria con alta na actividade de data anterior ao 1 de xaneiro de 2023.

7. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

7.1. Criterios avaliados mediante xuízo de valor

Non hai.

7.2. Criterios avaliados de forma automática (100 puntos)

Criterio	Puntuación	Ponderación
a) Oferta económica-prezo (máximo 100 puntos) Asignarase o máximo de puntuación (100 puntos) á oferta de prezo unitario máis baixo, asignándolle a puntuación ao resto de ofertas mediante proporcionalidade inversa, aplicando a seguinte fórmula: Oferta de prezo unitario máis baixo -----100 puntos Oferta valorada ----- X puntos $X = \text{Oferta de prezo unitario máis baixo} \times 100 / \text{Oferta valorada}$	100	100%

7.3. Aplicación dos criterios avaliados mediante xuízo de valor

Non procede.

7.4. Aplicación dos criterios avaliados de forma automática

Criterio	Aplicación
Prezo	Anexo III coa oferta económica.

7.5. Documentación relativa aos criterios avaliados mediante xuízo de valor

Non procede.

8. PROCEDIMIENTO CON FASES

Non hai.

9. SUBROGACIÓN

Nos casos en que así o exixa a normativa vixente o contratista terá a obriga de subrogarse como empregador nas relacións laborais dos traballadores. A relación e as condicións laborais destes traballadores son as seguintes:

CATEGORÍA PROFESIONAL	ANTIGÜIDADE	XORNADA LABORAL	TIPO DE CONTRATO	VENCIMIENTO CONTRATO
Limpador/a	01/05/2016	1,67 Horas á Semana	200	Indefinido

10. PUBLICIDADE

O anuncio de licitación publicárase na páxina de Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro: <https://galp.xunta.gal/costa-da-morte/licitacions>

11. LUGAR, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

Lugar de presentación	Nas oficinas do Galp Costa da Morte: Lugar A Camposa s/n – Buño. 15.111 Malpica de Bergantiños (A Coruña), en horario de 8.30 a 15.00, días laborables de luns a venres ou por correo certificado, sempre que se acredite a data de envío pola oficina de correos (achegárase ao enderezo electrónico galp.mar.costadamorte@xunta.gal xustificante de presentación antes da finalización do prazo), dentro do prazo de presentación indicado neste apartado.
Forma de presentación	Deberase presentar un total de dous sobres pechados: – “Sobre A: “Documentación xeral”. – “Sobre C: “Criterios avaliados avaliados de forma automática”
Prazo de Presentación	Dende a data da publicación do anuncio de licitación (20 de febreiro de 2026), na web https://galp.xunta.gal/costa-da-morte/licitacions , ata o 2 de marzo de 2026 .

12. DOCUMENTACIÓN

12.1. SOBRE A (debe identificarse no seu exterior como “SOBRE A”).

Documentación acreditativa dos requisitos de capacidade:

- **Anexo II de declaración responsable do licitador.**
- **Os empresarios que sexan persoas xurídicas, aos efectos de acreditar a capacidade de obrar e que o seu obxecto social se axeita a actividade obxecto do contrato, achegaran a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acta constitutiva, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente rexistrados, no seu caso, no Rexistro público que**

corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

- **Certificacións acreditativas de estar ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.**

Documentación acreditativa da solvencia económica e financeira:

- **Contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito ou subsidiariamente acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os dos libros exixidos pola normativa fiscal de aplicación ou modelo 390 de resumo anual de ive, que acrediten a facturación ou volume anual de negocios.**

Documentación acreditativa da solvencia técnica ou profesional:

- **Certificado de situación censual emitido pola Axencia Tributaria con alta na actividade de data anterior ao 1 de xaneiro de 2023.**

12.2. SOBRE C (debe identificarse no seu exterior como "SOBRE C").

Documentación acreditativa dos Criterios avaliados de forma automática:

- **Anexo III coa oferta económica.**

Toda a documentación preceptiva, deberá vir asinadas pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante, **debendo figurar independente dos sobres, un índice relacionando os documentos que se presentan, asinado e identificando a persoa licitante.**

13. PRAZO DE EXECUCIÓN/ENTREGA

Prazo de execución	O prazo de execución será dende o mes de abril de 2026 ata o 31-12-2029, cumprindo os prazos de entrega establecidos no prego de condicións técnicas.
Prórroga	Si. O contrato poderá prorrogarse por un máximo de 15 meses, ata o 31 de marzo de 2031. A prórroga será anual, salvo a última, que será polo período restante ata o 31 de marzo de 2031. A prórroga será obrigatoria para o contratista se o preaviso se fai cunha antelación mínima de 2 meses á data de remate do contrato.

14. VALORACIÓN DAS OFERTAS POLA COMISIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

Finalizado o prazo de presentación de proposicións, a comisión de contratación, procederá ao exame e cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (Sobre A), en función dos requisitos esixidos.

Se se observasen erros ou omisións emendables, concederáse un prazo non superior a tres días naturais para a súa emenda. A estes efectos, comunicárase por correo electrónico aos interesados

A documentación requirida, para a emenda de erros ou omisións, deberá ser entregada, en todo caso, na dirección indicada na cláusula 10. deste prego e adiantada por correo electrónico ao enderezo electrónico galp.mar.costadamorte@xunta.gal

Adoptado o acordo sobre admisión definitiva dos licitadores, procederase á apertura, en acto público, do sobre C, dos licitadores admitidos no día, lugar e hora sinalado, cun mínimo de 48 horas de antelación, no portal web <https://galp.xunta.gal/costa-da-morte/licitacions>,.

Finalizada a valoración das ofertas, o Secretario da Mesa levantará acta, expoñendo: as ofertas excluídas, as non seleccionadas e a seleccionada, coas puntuacións correspondentes. A continuación, a Presidencia da Comisión, baseándose na acta expedida polo Secretario, formulará a proposta de adxudicación do contrato dirixida ao órgano competente do GALP para a adxudicación.

15. CIRCUNSTANCIAS DETERMINANTES DA ADXUDICACIÓN NOS CASOS DE IGUALDADE DE PROPOSICIÓNS.

En caso de empate entre varias ofertas tras a aplicación dos criterios de adxudicación do contrato resolverase mediante a aplicación por orde dos seguintes criterios sociais, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación de ofertas:

- a) Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no persoal de cada unha das empresas, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade en persoal, ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión no persoal.
- b) Menor porcentaxe de contratos temporais no persoal de cada unha das empresas.
- c) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no persoal de cada unha das empresas.
- d) O sorteo, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dese lugar a desempate.

A documentación acreditativa dos criterios de desempate a que se refire o presente apartado será achegada polos licitadores no momento en que se produza o empate, e non con carácter previo.

16. PAGAMENTO DO PREZO.

Por tratarse dun servizo de tracto sucesivo, os pagamentos serán mensuais, salvo acordo entre as partes de período superior ao mes e sempre inferior ao anual. Cada factura será detallada e deberá cumprir a normativa vixente en materia de facturación.

17. DURACIÓN.

45 meses (dende abril de 2026 ata decembro de 2029). Duración máxima, incluído posibles prórrogas, 60 meses.

18. PROTECCIÓN DE DATOS, CONFIDENCIALIDADE E DEBER DE SIXILO.

18.1. Confidencialidade e deber de sixilo.

O contratista deberá gardar sixilo respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.

Non se poderá transferir ningunha información sobre os traballos e o seus resultados, nin sobre a información base solicitada, sen o consentimento previo da entidade de contratación.

18.2. Protección de datos de carácter persoal.

O licitador seleccionado coa oferta máis vantaxosa declarará documentalmente que se responsabiliza de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar se fará con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais, e na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal e demais normativa de aplicación. En caso de incumprimento do estipulado, a entidade contratante e os técnicos destacados serán responsables das infraccións que deriven del.

O licitante ou adxudicatario deberá respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle sexan confiados para a formalización da súa oferta ou que sexan elaborados con ocasión da execución do contrato.

Para a realización dos traballos obxecto da licitación é posible que o persoal do contratista teña acceso a locais onde se realizan tratamentos de ficheiros con datos de carácter persoal, a soportes ou recursos que conteñan datos de carácter persoal, ou a outro tipo de documentación de carácter confidencial, para a realización de traballos que non impliquen directamente un tratamento deste tipo de datos. En calquera caso, prohíbese expresamente o acceso aos datos de carácter persoal propiedade do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Costa da Morte ou documentación confidencial de calquera outro tipo que non estea relacionada coa prestación do servizo.

O persoal do contratista deberá observar en todo momento ao segredo profesional e deber de confidenciais, aos que puidese ter acceso incidentalmente no cumprimento das tarefas encomendadas. O persoal do contratista queda obrigado a non revelar, transferir, ceder ou comunicalos de calquera forma a terceiras persoas, obrigación que se manterá aínda finalizada a súa relación con esta. O contratista comprométese a comunicar e facer cumprir ao seu persoal as obrigacións establecidas no presente prego e, en concreto, as relativas ao deber de secreto

19. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Non hai.

20. EXTINCIÓN DO CONTRATO

O contrato extinguirase polo seu cumprimento ou por resolución.

20.1. Cumprimento do contrato.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e, se for o caso, no de prescricións técnicas, e á satisfacción do Galp Costa da Morte, cuxa conformidade se fará constar de forma expresa dentro do prazo dun mes tras terse producido a entrega ou realización do obxecto do contrato.

20.2. Resolución do contrato.

1. Son causas de resolución do contrato:

- a) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- b) O mutuo acordo entre o Galp e o contratista.
- c) Cando calquera das partes o comunique a outra con un mínimo de dous meses de antelación como e unha vez cumprido o primeiro ano de contrato.
- d) A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.
- e) Incumprimento en dúas ou máis ocasións, sobre o plan de traballos establecido no prego, en especial na prestación do servizo semanal de limpeza.
- f) A demora no pago por parte do Galp por prazo superior a 3 meses no pago das facturas do contrato a partir da súa entrega.
- g) A insuficiencia de crédito orzamentario segundo convenio de colaboración asinado coa Consellería do Mar o 9 de xaneiro de 2023 e a súa addenda para o período 2026-2029 e modificacións que poida sufrir o mesmo, que será comunicada polo Galp con antelación mínima de 2 meses.
- h) O incumprimento da obrigaón principal do contrato.
- i) Serán, así mesmo causas de resolución do contrato, o incumprimento das restantes obrigaóns esenciais descritas neste prego.
- j) A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato.



- k) Nos casos en que se esixa o deber de gardar sixilo, producirá igualmente a resolución do contrato o incumprimento polo contratista do deber de gardar sixilo ao que se refire a cláusula 18, respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.

21. INFORMACIÓN DE CONTACTO.

Galp Costa Morte.

Xerencia Guillermo González Díez

Teléfonos: 981 70 73 78 – 626 104 619

Enderezo Electrónico: galp.mar.costadamorte@xunta.gal

Lugar A Camposa s/n – Buño. 15.111 Malpica de Bergantiños.

B) PREGO DE CLÁUSULAS TÉCNICAS PARTICULARES

1. NECESIDADE A SATISFACER

Garantir as condicións de óptimo estado de hixiene e limpeza das oficinas do Galp Costa da Morte

Esta labor necesita tanto de persoal especializado, recursos e medios dos que o Galp Costa da Morte non dispón e por razóns de eficiencia e eficacia

O presente contrato non é obxecto de fraccionamento para eludir outros procedementos e optouse por realizar o procedemento II máis exixente en lugar de adxudicación directa.

Orzamento e datos económicos anuais do Galp:

O Galp Costa da Morte é unha asociación sen ánimo de lucro ao amparo da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, con sede social e fiscal en Buño, Malpica de Bergantiños. O Galp Costa da Morte é entidade colaboradora da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, para a aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) no marco Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021-2027 para o territorio que abrangue os Concellos de A Laracha, Carballo, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe, Vimianzo, Camariñas e Muxía

O plan financeiro da EDLP, distribuído en Proxectos e Gastos de Xestión (Funcionamento e Animación) , segundo convenio de colaboración coa Consellería do Mar, para a aplicación da EDLP é o seguinte:

ORZAMENTO GALP COSTA DA MORTE CUSTOS DE XESTIÓN									
ANUALIDADES		2023	2024	2025	2026	2027	2028	2029	TOTAL
CUSTOS DE XESTIÓN, SEGUIMENTO e AVALIACIÓN da EDLP e a súa animación (máx. 20%)	FUNCIONAMENTO	119.888,82	152.576,09	161.179,75	216.944,30	197.977,78	175.616,00	169.763,99	1.193.946,73
	ANIMACIÓN	20.605,89	26.224,01	27.702,76	37.287,30	34.027,42	30.184,00	29.178,18	205.209,56
	TOTAL CUSTOS DE XESTIÓN	140.494,71	178.800,10	188.882,51	254.231,60	232.005,20	205.800,00	198.942,17	1.399.156,29

2. CARACTERÍSTICAS DOS TRABALLOS A REALIZAR:

A principal finalidade da contratación deste servizo é manter en perfecto estado de limpeza as dependencias do GALP, no Edificio do Centro de

Artesanía e Tradición (CAT), sito no lugar A Camposa, s/n – Buño en Malpica de Bergantiños.

A distribución do edificio (integralmente en planta baixa), consta dun hall de entrada, distribuidor, area de traballo, despacho 1, despacho 2, sala, office e aseos, cunha superficie útil total de aproximadamente 80m².

As empresas licitadoras poderán acceder ao edificio, previa petición de visita, para comprobar a superficie total e a distribución do edificio.

Actualmente nas oficinas hai un total de 4 persoas traballadoras realizando as tarefas de xestión de axudas de fondos Europeos.

O servizo consistirá en:

Dous días por semana (50 minutos cada día de limpeza):

Limpeza de hall – recepción, oficinas e despachos, consistente en: Limpeza do chan mediante varrido e fregado; Limpeza de radiadores, cadeiras, mesas, andeis, etc....; Limpeza de po en equipos informáticos, teléfonos, monitores, teclados, ratos, impresoras, etc; Limpeza – baleirado de papeleiras; Limpeza de portas, marcos e molduras; Limpeza de elementos decorativos e mantemento da boa limpeza en xeral.

Limpeza, hixiene e desinfección dos aseos, con produtos bactericidas, consistente en: Limpeza e desinfección de chans, alicatados, sanitarios, ambientación, desodorización, reposición de xabón, papel hixiénico e de mans e mantemento da boa limpeza en xeral.

Trimestralmente:

Limpeza dos cristais pola súa cara interior e exterior con produtos adecuados para o mantemento do vidro, que conservan a súa transparencia por maior tempo e limpeza dos seus marcos e molduras.

3. MEDIOS NECESARIOS DOS TRABALLOS A REALIZAR:

Para a prestación deste servizo con eficacia será necesario que a empresa adxudicataria achegue como mínimo os seguintes medios:

3.1. Medios materiais

A empresa adxudicataria facilitará cantos elementos materiais e útiles sexan necesarios para o cumprimento das obrigas derivadas da execución do contrato, sendo ó seu cargo o material de limpeza, os aparellos e a maquinaria que se sexa precisa, así como a conservación dela.

3.2. Medios humanos

Para a prestación ordinaria do servizo será necesario un mínimo de dunha persoa coa categoría de limpador/a.

Persoa encargada ou supervisora. A empresa adxudicataria designará unha persoa como encargada ou supervisora das tarefas de limpeza e comunicará ao Galp a súa identidade, indicando un teléfono de contacto 24 horas. A comunicación realizarase nos 15 días seguintes á data de formalización do contrato.

A dita persoa velará polo bo funcionamento do servizo, vixiando que se cumpran as condicións indicadas neste prego así como as ofertadas pola empresa e informará semestralmente á persoa responsable no GALP do seguimento deste servizo.

Todas as persoas deberán reunir as características e profesionalidade acorde coas funcións a realizar.

Tamén comprobará que haxa un stock suficiente de medios materiais e consumibles.

Cumprimento continuado do servizo. As ausencias do persoal ordinario de limpeza motivadas por baixas, enfermidade, permisos ou período de vacacións, deberán substituírse de maneira que non se interrompa nin minore a prestación do servizo. As substitucións deberán ser comunicadas ao GALP, de ser posible, cunha antelación mínima de tres días hábiles.

A empresa adxudicataria dotará ó seu persoal de medidas de seguridade necesarias para o desenvolvemento do seu cometido.

O persoal de limpeza dependerá exclusivamente da empresa adxudicataria, quen terá tódolos dereitos e obrigas inherentes á súa condición de empregadora, e deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e saúde no traballo.

En ningún caso existirá vínculo laboral entre o persoal de limpeza e o GALP Costa da Morte.

4. HORARIOS:

O servizo prestarase tralo remate da xornada laboral ordinario do persoal do GALP, é dicir, a partir das 15:00 horas, de luns a venres.



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Costa da Morte



Financiado pola
Unión Europea

Os presentes pregos foron aprobados por delegación da Xunta Directiva do Galp Costa da Morte do 10 de xullo de 2023, polos membros da mesma que a continuación asinan e que non forman parte da mesa de contratación que formulará a proposta de adxudicación:

En Buño a 19 de Febreiro de 2026

Concello Malpica de Bergantiños

Confraría de Pescadores de Laxe

Asociación de Empresarios de Malpica

ANEXO II: DECLARACIÓN RESPONSABLE DO LICITADOR

(incluír no sobre A)

Número de expediente de contratación: **GALP3-007-2026**

Denominación da contratación: **Servizo de Limpeza**

Data da declaración: / /

D./Dña. , con NIF número , en representación (de ser o caso) de ,
con NIF número , con domicilio social

Teléfono correo electrónico aos efectos de notificación.

DECLARA en representación da empresa (1):

Primeiro.- Que a empresa conta coa capacidade e habilitación profesional necesaria para executar as prestacións obxecto do contrato, as cales se encadran no obxecto social da empresa.

Segundo.- Non estar incurso nas prohibicións de contratar establecidas polo artigo 71 da LCSP, en concreto, estar ao corrente do pago das obrigas tributarias e Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Tampouco incorre en ningunha prohibición de percibir subvencións públicas pola normativa vixente.

Terceiro.- Non presenta ningunha outra oferta para esta contratación mediante empresa vinculada segundo o artigo 42.1 do Código de Comercio, aprobado mediante Real Decreto de 22 de Agosto de 1885.

Cuarto.- Sométese á xurisdición española polas continxencias que puidesen xurdir do contrato.

Quinto.- A dirección de correo electrónico para a recepción de notificacións é

Sexto.-Comprométese a acreditar, ante o GALP, a posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado.

E para que conste, asino a presente declaración.

En a de 2026

sinatura do licitador

(1) Persoa física (traballe por conta propia ou allea) ou persoa xurídica.



ANEXO III: PROPOSICIÓN ECONÓMICA

(incluír no sobre C)

Número de expediente de contratación: **GALP3-007-2026**

Denominación da contratación: **Servizo de Limpeza**

Data da declaración: / /

DATOS DO DECLARANTE

Nome: Apelidos: NIF:

Teléfono: Correo electrónico para notificacións:

Enderezo postal para efectos de práctica de notificacións:

Entidade mercantil que representa (no caso de actuar en representación):

NIF: Cargo:

MANIFESTA:

Que, coñecido o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deben rexer a contratación referida e aceptando íntegra e incondicionalmente o seu contido, se compromete a executar o contrato de referencia, con estrita suxeición aos requisitos e condicións sinalados nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, nas seguintes condicións:

Oferta económica **(O importe debe expresarse claramente en números e letras):**

- Importe Ofertado **por mes sen iva:**(importe en número) €. (en letra)

- IVE (%): (importe en número) €. (en letra)

-**Total por mes con iva:** (importe en número) €. (en letra)

En a , de de

(Sinatura do licitador)